



PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO



DOC. V
ESTUDO ECONÓMICO

Aprobación provisional e definitiva
Volume 1 de 1
Setembro 2020

ALFONSO
BOTANA
ARQUITECTURA-URBANI/MO-MEDIOAMBIENTE

INDICE XERAL

DOC. I.- MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA

DOC. II.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC. III.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC. IV.- NORMAS URBANÍSTICAS

DOC. V.- ESTUDO ECONÓMICO

DOC. VI.- CATÁLOGO

DOC. VII.- DOCUMENTO DE CONSULTAS

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	3
2 A METODOLOXÍA E CÁLCULOS	3
2.1 ACTUACIÓNS DE MELLORA OU RECUPERACIÓN DO ESPAZO URBANO EXISTENTE	3
2.2 OBRAS DE URBANIZACIÓN INTEGRAL EN AREAS DE REPARTO	4
2.2.1 Tipos de actuacións a realizar sobre o viario de nova creación	4
2.2.2 Espazos libres e zonas verdes de nova creación	4
2.3 LABOR REHABILITADORA DO PARQUE EDIFICATORIO	5
2.3.1 Proceso de valoración dos custos de rehabilitación da edificación	5
2.3.2 Valoración dos custos de obras necesarias por obriga normativa	5
3 ESTIMACIÓN DE CUSTOS	5
3.1 CUSTO DAS OBRAS DE MELLORA OU RECUPERACIÓN DO ESPAZO URBANO EXISTENTE	5
3.2 ACTUACIÓNS DE URBANIZACIÓN INTEGRAL A REALIZAR NAS AREAS DE REPARTO	6
3.3 CUSTOS DA REHABILITACIÓN DO PARQUE EDIFICATORIO	6
4 AS CIFRAS XERAIS DA REHABILITACIÓN DO C.H.	6
5 PROGRAMA DE PRIORIDADES. INVESTIMENTOS ANUAIS	6
6 A DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO	7

DOC V.- ESTUDO ECONÓMICO

1 INTRODUCCIÓN

O Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Fisterra (PEPRIF) de acordo cos obxectivos e criterios formulados na Memoria de Ordenación, persegue fundamentalmente a rehabilitación do dito Conxunto e posta en valor dos seus elementos máis significativos.

Xa que logo, o Plan non se debe limitar a unha defensa pasiva da zona, pois unha tal disposición non faría senón perpetuar, no mellor dos casos, a conservación "arqueolóxica" dunha parte do patrimonio edificado que xa está hoxe en día en avanzado estado de ruína e abandono. Pola contra, o PEPRIF debe ter unha dimensión dinámica, unha nítida intención de intervir na realidade ordenada, que traspase a perspectiva puramente preventiva ou cautelar, para ser o instrumento que teña coma norte a transformación desa realidade, co obxectivo de xerar e reintegrar tanto o parque de edificios deteriorados coma as condicións do espazo urbano na súa totalidade, as infraestruturas básicas, as dotacións equipamentais e os espazos libres e zonas verdes do Conxunto.

Aínda que a recuperación do patrimonio que encerra dentro de si o CHF terá que corresponder unha parte – polo menos economicamente- aos propietarios da edificación e dos inmobles existentes dentro del, serán as Administracións Públicas a quen lle corresponda o rol de pular e dinamizar polo proceso de rehabilitación: a Administración Local, en primeiro lugar, loxicamente, ao Concello de Fisterra, mais tamén a Deputación Provincial de A Coruña, a través dos Plans de Obras e Servizos. E, sobre todo, ás **institucións autonómicas que teñen competencia** por razón da materia (Consellería de Cultura, Consellería de Política Territorial, Consellería de Vivenda) e ás **estatais ás que a lexislación lle confire obrigas** (Mº de Fomento, Mº de Medio Ambiente...).

A **acción pública directa** terá a súa proxección básica no **axeitamento** - conservación, mantemento e mellora- dos **servizos urbanísticos**; e mesmo, na **rehabilitación dos edificios destinados ás dotacións equipamentais**, feita con cargo aos presupostos municipais, ás subvencións doutras administracións públicas ou por medio de operacións financeiras de diversa índole. De calquera xeito **a colaboración ou asignación que no presente Estudo Económico se imputan a outras administracións distintas do concello, terá carácter indicativo** ata que as citadas administracións comprometan investimentos concretos ou asinen convenios de financiamento das actuacións que aquí se propoñen.

Outro tipo de accións que tamén ten que abordar a **administración municipal** será a **creación dun marco que cobice a inversión privada na rehabilitación de edificios** mediante o establecemento dun cadro de medidas de carácter financeiro e fiscal, así coma outras orientadas á axilización de procesos burocráticos na obtención de subvencións ou financiamento barato co mesmo cometido, ou sexa a creación dunha **Oficina de Xestión da Rehabilitación**, para a que a lexislación vixente prevé dotacións orzamentarias.

Ámbalas dúas liñas de actuación débense integrar nun Programa que recolla todos os pasos a dar e medidas a tomar, ordenándoos e sistematizándoos en coherencia coa estratexia elixida para acadar os obxectivos establecidos polo PEPRIF.

Un Programa así concibido, ven ser, en realidade, un **Programa de Prioridades**.

Ao noso xuízo, debe ter o mesmo horizonte temporal que teñen os Programas de Actuación no planeamento de carácter xeral; isto é: **oito anos**.

Trátase de concentrar neste período limitado de tempo un conxunto de actuacións de diversa índole, destinadas a desenvolver con moito maior pulo o proceso de rehabilitación integral do Casco Histórico de Fisterra, xa encetado con medidas de moi diverso tipo nos últimos catro anos. Non se trata tanto -parece obvio dicilo- de conseguir a rehabilitación completa nese período relativamente curto, canto de acelerar ese proceso de revitalización e rexeneración, que inverta claramente a tendencia operada no ámbito ata agora no que fai ao despoboamento e no que atinxe aos usos produtivos, equipamentais ou lúdicos do seu espazo urbano.

Na orde de prioridades, o que hai que perseguir en primeiro lugar é volver a poñer en valor as diferentes áreas do CHF, que foron esmorecendo nos últimos tempos. Un dos alicerces fundamentais nesa "construción", ha ser, sen dúbida, a aprobación do propio Plan Especial, que fixa con claridade e con precisión as regras do xogo neste eido. O feito de desapareceren incertezas sobre as cousas que se poden ou que non se poden facer, xunto coas medidas xa adoptadas, máis as previstas no PEPRIF verbo das operacións de mellora das infraestruturas e servizos urbanísticos, de seu, xa significa un primeiro pulo.

En segundo lugar, hai que levar a cabo todas as medidas -proxectos, obras, reformas fiscais, etc.- de rehabilitación conforme ao programa que imos reflectir de seguido.

2 A METODOLOXÍA E CÁLCULOS

Para a confección do Programa de Necesidades partimos de separar o que deben ser as obras de urbanización do espazo público do que é o labor rehabilitador do parque edificatorio.

No primeiro grupo distínguense claramente entre as accións a prol da mellora ou recuperación do espazo urbano existente (con actuacións parciais ou totais no eido das infraestruturas, os servizos e as dotacións de espazos libres públicos de todo tipo), e por outra banda as obras de urbanización integral en espazos baleiros ou a remodelar (zonas de solo urbano non consolidado incluídas en áreas de reparto).

2.1 ACTUACIÓNS DE MELLORA OU RECUPERACIÓN DO ESPAZO URBANO EXISTENTE

No que atinxe á primeira das liñas de actuación en espazos urbanos existentes, recollemos por separado tres apartados:

- Viario público en superficie (pavimentación).
- Infraestruturas de servizos (auga, evacuación de augas residuais, enerxía eléctrica, alumado, telefonía, etc.)
- Dotación de espazos libres e zonas verdes.

Recóllense no seguinte cadro de síntese as principais obras a realizar no viario público existente, detallando o tipo de obra preciso.

RUA/PRAZA	TIPO DE OBRA	SUPERFICIE ACTUACIÓN (m2)	CANALIZACIÓN SERVICIOS NOVOS (m.l.)
Rúa Correo	Levantar pavimento de formigón. Executar pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como renovación e instalación de todos os servizos.	180	65
Rúa Desiderio Paz	Levantar pavimento de formigón. Executar pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como renovación e instalación de todos os servizos.	250	40
Rúa do Carne	Levantar pavimento de formigón. Executar pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como renovación e instalación de todos os servizos.	300	75
Rúa Centolo	Levantar pavimento de formigón. Executar pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra.	80	-
Rúa Hortas	Levantar pavimento de formigón. Executar pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como renovación e instalación de todos os servizos.	270	82
TOTAL		1.080	262

2.2 OBRAS DE URBANIZACIÓN INTEGRAL EN AREAS DE REPARTO

Unha boa parte das actuacións previstas no PEPRi corresponden a novos espazos urbanos, con actuacións que neste caso son integrais, e realízanse tanto en viario de nova creación ou ampliación dos existentes, como de novos espazos libres ou equipamentos, que corresponden ás actuacións de reforma interior a realizar no solo urbano non consolidado que se vai a desenvolver mediante áreas de reparto.

Axúntase un cadro con todas as actuacións previstas nelas, pero aos efectos de establecer unha estratexia de actuación, e aos efectos de valorar estas, de entre todas as áreas de reparto, **seleccionáanse aquelas que sería prioritario desenvolver nos primeiros 8 anos** (tramadas en cor na táboa), segundo a seguinte distribución, en función das actuacións concretas ou as cesións en cada A.R.

ÁREA REPARTO	DESENVOLVEMENTO PU (ANOS)	SUP. TOTAL	VIARIO	ESPAZOS LIBRES	EQUIPAMENTOS	APARCADOIROS PÚBLICOS
1	10	575		273	0	0
2	6	1.051	144	607	0	0
3	6	1.379	628	485	0	3
4	10	666	77	221	188	0
TOTAL	-	3.670	849	1.585	188	3

En calquera caso as **actuacións estimadas como prioritarias** (por ser as actuacións claves das que dependen as principais previsións no eido do viario, dos aparcamentos, as dotacións e os principais espazos libres no horizonte inicial de 8 anos de actuación do PEPRi) desagregáanse de xeito unitario por zonas de actuación

(nalgúns casos compartidas entre varias áreas de reparto), cos datos básicos de medición, e o custo desenvolverase nos seguintes apartados, separando por unha banda o tratamento da superficie e os servizos a realizar no viario e por outro os espazos libres.

2.2.1 Tipos de actuacións a realizar sobre o viario de nova creación

Recóllense no seguinte cadro de síntese as principais obras (actuacións estimadas como prioritarias) a realizar no viario público previsto, detallando o tipo de obra preciso e a área ou áreas de reparto ás que pertencen.

RUA/PRAZA	TIPO DE OBRA	SUPERFICIE ACTUACIÓN (m2)	CANALIZACIÓN SERVICIOS NOVOS (m.l.)	ÁREA DE REPARTO
Rúa transversal a R/ Fonte Vella	Execución de pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como instalación de todos os servizos.	153	20	AR-01
Rúa Hortas	Execución de pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como instalación de todos os servizos.	144	35	AR-02
Camiño Río dos herbales	Execución de pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como instalación de todos os servizos.	628	50	AR-3
Travesía da Fonte Vella	Execución de pavimentos de lastro e pavimento de lousas de pedra, así como instalación de todos os servizos.	77	25	AR-4
TOTAL		1.002	130	

2.2.2 Espazos libres e zonas verdes de nova creación

Recóllense no seguinte cadro de síntese as principais obras (actuacións estimadas como prioritarias) a realizar nos espazos libres previstos, detallando tamén o tipo de obra preciso e a área ou áreas ás que pertencen e a clave coa que se identifica ao espazo concreto.

RUA/PRAZA	TIPO DE OBRA	SUPERFICIE ACTUACIÓN (m2)	ÁREA DE REPARTO	CÓDIGO ESPAZO
Zona verde posterior á R/ Fonte Vella	Execución de pavimento de lousas de pedra, xardíns, alumeado público e disposición de mobiliario.	273	AR-01	01-DN-EL02
Zona verde fronte a R/Hortas	Execución de pavimento de lousas de pedra, xardíns, alumeado público e disposición de mobiliario.	607	AR-02	01-DN-EL03
Zona verde Camiño Río dos Herbales	Execución de pavimento de lousas de pedra, xardíns, alumeado público e disposición de mobiliario.	485	AR-03	01-DN-EL01
Zona verde entre Travesía da Fonte Vella e R/ da Capela	Execución de pavimento de lousas de pedra, xardíns, alumeado público e disposición de mobiliario.	221	AR-04	01-DN-EL04
TOTAL		1.586		

Defínese un só tipo de actuación sobre os novos espazos libres, consistente en novos pavimentos de pedra nos paseos peonís e creación de xardíns, xunto con disposición de mobiliario e alumeadado público, polo tanto agregaranse aos efectos da súa cuantificación económica.

2.3 LABOR REHABILITADORA DO PARQUE EDIFICATORIO

No que atinxe á **rehabilitación do parque edificatorio** utilízase a información existente nas Fichas Individuais de Edificios e solares sobre o estado de conservación no momento da aprobación inicial.

2.3.1 Proceso de valoración dos custos de rehabilitación da edificación

A valoración dos custos de rehabilitación baséase nunha pormenorizada toma de información, parcela a parcela, do estado da edificación, nun recoñecemento levado a cabo por arquitectos en visitas detalladas.

Valorouse o estado dos elementos fundamentais da edificación: estrutura, cuberta, fachada, etc., obténdose un valor medio de estado que se aplicou a cada unha das edificacións do Casco Histórico segundo a seguinte táboa de estados:

- BO ESTADO
- ESTADO SUFICIENTE
- MAL ESTADO
- MOI MAL ESTADO/RUINOSO

O sistema de valoración baséase nun módulo de custo medio por m² de rehabilitación, para cuxa cuantificación sondáronse os custos reais de construción e rehabilitación de empresas construtoras do contorno da vila de Fisterra, chegando a constatar de xeito bastante aproximado a veracidade e adaptación aos custos reais de mercado do módulo legalmente establecido polos organismos oficiais (prezo básico nacional), que para o ano 2007 acada os 728 €, estimando que se o multiplicamos por un factor de 1,25 (910 €) chega a constatar de xeito bastante aproximado a súa adaptación aos custos reais de mercado no caso de Fisterra, neste caso para rehabilitación

En canto á incidencia do estado na súa valoración, asignáronse grados de ponderación a cada un deles, expresados en tanto por cento, do xeito seguinte:

BO ESTADO.....	0 %
ESTADO SUFICIENTE.....	20 %
MAL ESTADO.....	60 %
MOI MAL ESTADO/RUINOSO	100 %

Deste xeito, chégase á valoración de rehabilitación da edificación, multiplicando as porcentaxes e ponderacións anteriores do módulo pola superficie construída total da edificación existente na actualidade, excluíndo desta superficie aquelas partes situadas fóra de ordenación, é dicir, aplicándoa sobre a parte da edificación legalmente rehabilitable.

Pódese resumir todo o sistema de valoración anteriormente descrito na seguinte fórmula:

$$C = F \times M \times S$$

Onde:

C = Custo total da rehabilitación.

F = Factor de ponderación do estado medio.

M = Módulo de custo medio.

S = Superficie construída rehabilitable.

2.3.2 Valoración dos custos de obras necesarias por obriga normativa

Aínda que non forman parte do Programa por non estaren previstas as correspondentes expropiacións, consideramos de interese calcular o custo da adecuación da edificación á legalidade. As obras necesarias por indicación normativa clasifícanse en dous apartados: volumes e reformas. A valoración das obras realízase mediante a aplicación dun custo unitario para cada tipo de obra á superficie afectada por este tipo de obra, especificada na ficha da edificación. A táboa de custos unitarios aplicada é a seguinte:

TIPO ELEMENTO	SITUACIÓN	CUSTO (€/m ²)
	Total	28
VOLUMES	Parcial	210
	Engadidos	18
	Fachada	60
REFORMAS	Cuberta	85
	Interior	170

3 ESTIMACIÓN DE CUSTOS

Como xa se ten dito os custos dividíronse en tres apartados, un deles relativo ás obras de mellora ou recuperación do espazo urbano existente (viario, servizos e espazos libres), outro relativo as actuacións prioritarias nas áreas de reparto (viario, servizos e espazos libres) e outro referente ás obras de rehabilitación do parque edificatorio, e vanse a subliñar de seguido segundo esta división.

Para o cálculo de custos da realización das obras ou actuacións previstas utilizáronse cadros de prezos actualizados, calculados sobre a base dos que rexen en Fisterra. Vexamos cada apartado por separado:

3.1 CUSTO DAS OBRAS DE MELLORA OU RECUPERACIÓN DO ESPAZO URBANO EXISTENTE

ACTUACIONES	MEDICIÓN	PREZO UNITARIO	COSTE TOTAL
a) Viario existente			
• Pavimento de lastro e de lousas de pedra	1.080	118	127.440

TOTAL	5.642		592.316
b) Servizos urbanísticos			
• Abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, iluminación, telefonía.....	262	176	46.112
TOTAL	262	176	46.112
TOTAL ESPAZO URBANO EXISTENTE			173.552

3.2 ACTUACIÓNS DE URBANIZACIÓN INTEGRAL A REALIZAR NAS AREAS DE REPARTO

ACTUACIONES	MEDICIÓN	PREZO UNITARIO	COSTE TOTAL
a) Vialio nova apertura			
• Pavimento de lastro e de lousas de pedra	1.002	105	105.210
TOTAL	1.002		105.210
b) Servizos urbanísticos			
Todos os servizos	130	176	22.880
c) Novos espazos libres e zonas verdes			
• Zona verde posterior á R/ Fonte Vella (01-DN-EL-02)	273	85	23.205
• Zona verde fronte a R/Hortas (01-DN-EL03)	607	85	51.595
• Zona verde Camiño Río dos Herbales (01-DN-EL01)	485	85	41.225
• Zona verde entre Travesía da Fonte Vella e R/ da Capela (01-DN-EL04)	221	85	18.785
TOTAL	1.586		134.810
TOTAL ESPAZO URBANO EXISTENTE			262.900

3.3 CUSTOS DA REHABILITACIÓN DO PARQUE EDIFICATORIO

Coma xa se explicou á hora de expoñer a metodoloxía de confección do Estudo Económico, os custos de rehabilitación foron calculados en base ás valoracións medias do estado das edificacións.

Os datos globais veñen dicir que o custo total da rehabilitación do parque edificatorio no momento da aprobación inicial ascendía a un total de 21.101.262 € (calculado en base a euros de 2007).

Ademáis, desde o momento de aprobación inicial (en abril de 2008) ata a actualidade (ano 2020), nun período de 12 anos no a actividade urbanística e rehabilitadora continuou, o custo total da rehabilitación

pendente podería verse reducido nun 30 %, acadando un total de

4 AS CIFRAS XERAIS DA REHABILITACIÓN DO C.H.

Coma se pode apreciar polos datos estatísticos aportados no presente documento, as grandes cifras de inversión son as seguintes:

GRUPO DE ACTUACIÓNS	IMPORTE
1º) Inversión en espazo urbano existente	173.552
2º) Urbanización integral en Áreas de Reparto	262.900
3º) Rehabilitación do parque edificatorio	14.770.883
TOTAL	15.207.335

5 PROGRAMA DE PRIORIDADES. INVESTIMENTOS ANUAIS

Entendemos que a totalidade da rehabilitación de edificación e os espazos urbanos do Conxunto Histórico de Fisterra non se pode abordar por completo no período de oito anos do programa que falamos ao principio. Os investimentos son o suficientemente fortes como para seren incapaces de seren abordados polo sector privado (e mesmo coa colaboración do público) neste curto período de tempo, polo tanto sería razoable estimar polo menos catro quadrienios para desenvolver todo o programa.

En oito anos, sen embargo, pensamos que si se pode abordar o 50 % desa rehabilitación, pero debemos ter en conta que a consecución da concertación e do financiamento coas administracións que terán que colaborar nunha boa parte desa inversión tardará polo menos un quadrenio en acadarse de xeito efectivo, polo tanto teremos nestes primeiros oito anos tan só un quadrenio para executar actuacións con programación e financiamento específico, e será razoable entender que só se poderá executar en función do tipo de actuación (dependendo de que o concello ou a propiedade privada teñan xa capacidade de inversión dende a aprobación do PEPRI para algunhas desas actuacións, sen esperar a concertación coas outras administracións, e polo tanto sen ese período de carencia xa citado de un quadrenio unha vez aprobado o PEPRI) entre un 25 e un 40 % do investimento previsto.

Por iso coidamos que se deben enumerar aquí as prioridades a desenvolver no período citado:

a) Inversións en espazo urbano existente.

Entendemos que este ámbito de inversión é prioritario para o desenvolvemento do resto de actuacións e polo tanto deberase empezar xa dende o principio, estimando que nos primeiros oito anos poderase acadar un 40 % da inversión prevista.

ACTUACIÓNS	TOTAL	%PROGRAMA	TOTAL PROGRAMADO
a) Vialio existente:	127.440	40%	50.976
b) Renovación servizos no vialio existente:	46.112	40%	18.445
TOTAL			69.421

b) Urbanización integral en Áreas de Reparto.

Aos efectos de establecer unha estratexia de actuación, de entre todas as áreas de reparto xa se tiñan seleccionado aquelas que sería prioritario desenvolver nos primeiros 8 anos, segundo a distribución que se recollía nos anteriores apartados, en función das actuacións concretas estimadas como prioritarias, polo tanto se considerará a súa execución completa por adaptarse ao programa establecido.

ACTUACIÓNS	TOTAL	%PROGRAMA	TOTAL PROGRAMADO
a) Viario nova apertura:	105.210	100%	105.210
b) Servizos urbanísticos:	22.880	100%	22.880
c) Novos espazos libres e zonas verdes :	134.810	100%	134.810
TOTAL			262.900

c) Rehabilitación do parque edificatorio.

Entendemos que este ámbito de inversión precisa a consecución da concertación e do financiamento coas administracións que terán que colaborar nunha boa parte desa inversión (para unha execución sistemática e programada, independentemente dalgunhas actuacións privadas que poidan desenvolverse con maior antelación) e tardará polo menos un cuatrienio en acadarse de xeito efectivo, polo tanto estimamos que nos primeiros oito anos poderase acadar un 30 % da inversión prevista.

ACTUACIÓNS	TOTAL	%PROGRAMA	TOTAL PROGRAMADO
a) Rehabilitación xeral con cargo ao Plan Estatal de Vivenda	14.770.883	30%	4.431.265
TOTAL			4.431.265

Como dixemos, as actuacións programadas nestes primeiros oito anos veñen supoñer a realización de máis dun terzo do investimento total previsto (exactamente o 35,20%).

ACTUACIÓNS	TOTAL	%PROGRAMA	TOTAL PROGRAMADO
1º) Inversión en espazo urbano existente	173.552	40,00%	69.421
2º) Urbanización integral en Áreas de Reparto	262.900	100,00%	262.900
3º) Rehabilitación do parque edificatorio	14.770.883	30,00%	4.431.265
TOTAL	15.207.335	31,32%	4.763.586

O Custo Total da Programación para o total temporal do período dividido polos 8 anos do mesmo ven dar un **investimento anual** de 595.448 €.

Dada a situación actual de Fisterra e, sobre todo, das perspectivas do futuro inmediato, especialmente dende que se teñen acometido actuacións arquitectónicas de grande mérito no espazo do Cabo (Semáforo,

Cemiterio) ou mesmo no Casco Histórico (albergue de Peregrinos) e dado, por fin, que o Xacobeo comeza a ter en conta que o Camiño de Santiago chega ata Fisterra, e tendo en conta tamén que se teñen realizado bastantes actuacións de urbanización do espazo público existente nos últimos anos (segundo basicamente as prioridades e criterios que se tiñan explicitado nas fases anteriores do PEPRI), coidamos que a parte dese investimento que lle compete ás administracións públicas debe ser perfectamente asumible (aínda que volvemos a repetir que eses investimentos teñen carácter orientativo para as administracións distintas do Concello).

Veremos isto con máis claridade á hora de analizar a distribución proposta destes investimentos entre os distintos axentes que interveñen no proceso (sector público e sector privado, e dentro daquel, as diferentes administracións), distribución que se reflicte no capítulo seguinte, tendo en conta que a imputación de investimentos a administracións distintas ao Concello ten carácter indicativo.

6 A DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO

a) Inversións en espazo urbano existente.

Terase en conta que as obras deste capítulo poden e deben ter en parte financiamento con cargo aos fondos europeos.

ACTUACIÓNS	%ACTUACIÓN	%PARTICIPACIÓN	TOTAL PROGRAMADO
a) Viario existente:	40%		50.976
-Xunta de Galicia (C. Cultura, CIM, etc)		35%	17.842
-Deputación		35%	17.842
-Concello		30%	15.293
		100%	50.976
b) Renovación servizos no viario existente:	40%		18.445
-Deputación		50%	9.223
-Concello		30%	5.534
-Sector privado		20%	3.689
		100%	18.445

b) Urbanización integral en Áreas de Reparto.

ACTUACIÓNS	TOTAL ACTUACIÓN	%ACTUACIÓN	TOTAL PROGRAMADO
a) Viario nova apertura:	105.210	100%	105.210
b) Servizos urbanísticos:	22.880	100%	22.880

c) Novos espazos libres e zonas verdes :	134.810	100%	134.810
TOTAL		100%	262.900
-Sector privado		100%	262.900

En base ao anterior as achegas dos distintos axentes é a seguinte (para os 8 anos programados).

ADMINISTRACIÓN	TOTAL PROGRAMADO
Administración Central	1.107.816
Xunta de Galicia	682.532
Deputación	27.065
Concello	463.954
Sector Privado	2.482.222
TOTAL	4.763.589

c) Rehabilitación do parque edificatorio.

ACTUACIÓN	%ACTUACIÓN	%PARTICIPACIÓN N	TOTAL PROGRAMADO
a) Rehabilitación xeral con cargo ao Plan Estatal de Vivenda	30%		4.431.265
-Sector público		50%	2.215.633
Administración central		50%	1.107.816
Xunta de Galicia		30%	664.690
Concello		20%	443.127
-Sector privado		50%	2.215.633
		100%	4.431.265

O cal representa unhas contribucións anuais do seguinte montante:

ADMINISTRACIÓN	TOTAL PROGRAMADO
Administración Central	138.477
Xunta de Galicia	85.317
Deputación	3.383
Concello	57.994
Sector Privado	310.278
TOTAL	595.449

Pódense resumir todas as actuacións detallando a participación de cada administración ou sector implicado no financiamento do PEPRICH.

ACTUACIÓN	Admin. Central	Xunta de Galicia	Deputación	Concello	Sector privado	Total
Viaro existente:		17.842	17.842	15.293		50.977
Renovación servizos no viario existente:			9.223	5.534	3.689	18.446
Urbanización integral en Áreas de Reparto					262.900	262.900
Rehabilitación xeral con cargo ao Plan Estatal de Vivenda	1.107.816	664.690		443.127	2.215.633	4.431.266
TOTAL	1.107.816	682.532	27.065	463.954	2.482.222	4.763.589


Asinan:



Alfonso Botana Castelo
Arquitecto



Beatriz García Becerra
Arquitecta



Paula Fernández Otero
Bióloga

Setembro 2020